



## **II Descenso Popular do Miño. Día 24/06/17:**

É unha proba popular e non competitiva, polo que non se terán en conta as clasificacións nin haberá premios.

1. Este evento está reservado para todos os deportistas que teñan CUMPLIDOS OS 18 ANOS.

Os/as nenos/as de 12 a 17 anos deberán ir acompañados de un adulto (aceptación do compromiso de responsabilidade).

Para participar é obrigatorio saber nadar, ir provisto de chaleco salvavidas e obedecer sempre as indicacións e recomendacións da Organización.

2. O custe da inscrición é de 7€ que inclúe a licenza de día para o evento, ao que haberá que sumarlle 5€ polo aluguer de cada praza da embarcación, se procede. Por exemplo, un K-2 terá un custo de 10 euros.

Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.

3. A Organización porá a disposición dos deportistas, que así o soliciten, no momento da inscrición, embarcacións dobres autovaleirables co seu correspondente material complementario.

No caso de non alugar embarcación, utilizaranse única e exclusivamente piraguas individuais ou dobres (K-1 e K-2) sendo obrigatorio que dispoñan de sistema de flotabilidade.

Os participantes deberán presentar ou recoller a embarcación e o material no control de acceso para a confirmación do Descenso Popular, sito en Barra de Miño, o sábado día 18 de xuño entre 14.30h e 15:30h. Así mesmo, deberán ser responsables del e devolvelo, de ser o caso, nas mesmas condicións nas que se lles entregou.

4. A hora de saída en Barra de Miño será ás 16h e o percorrido rematará no encoro de Velle (7,5 Km). A organización terá embarcacións motoras de apoio para garantir o bo transcurso do descenso, e atender, de este xeito, calquera emerxencia.

5. Os interesados poderán inscribirse ata o 18 de xuño a través das páxinas web [[www.deportesourense.com](http://www.deportesourense.com)] ou [[www.Championchipnorte.com](http://www.Championchipnorte.com)]

6. Todos os inscritos deberán atender en todo momento as indicacións da Organización e admiten que participan voluntariamente baixo a súa responsabilidade e que gozan dun nivel de condición física suficiente para afrontar esta proba.

7. A Organización:

- Recomendalle aos participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.
- Require que no caso de abandono se avise ás embarcacións de apoio da organización.
- Non se fai responsable de quen voluntariamente abandone o percorrido establecido.
- Poderá descualificar aos participantes cando continuar a participación supoña un risco para a súa propia seguridade, para outros participantes ou para o desenvolvemento da proba, cando se altere a marcha doutros deportistas, condutas antideportivas, etc.



## **II Xornadas de Iniciación ao Piragüismo. Día 24/06/17**

Este evento está reservado para todos os deportistas que teñan entre 10 e 17 anos.

A inscrición ten un custe de 3€ por participante.

Establécense unha limitación de inscritos a razón de 20 persoas por quenda, habendo 3 quendas dispoñibles, nos horarios que aparecen a continuación:

<b>QUENDA 1</b>	<b>QUENDA 2</b>	<b>QUENDA 3</b>
<b>11:00h</b>	<b>11:45h</b>	<b>12:30h</b>

A sesión durará 45 minutos e estará dirixida por un monitor da Federación Galega de Piragüismo.

Os interesados en participar deberán anotarse a través das páxinas web [[www.deportesourense.com](http://www.deportesourense.com)] ou [[championchipnorte.com](http://championchipnorte.com)] ata o 18 de xuño.